



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)
Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001
Fax: 988 360 126
C.I.F. P-3200900-C

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA URBANÍSTICAS E ACTIVIDADES

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e concretamente de acordo co disposto no artigo 20.4.h), este Concello establece a “taxa por licenzas urbanísticas”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.-

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo ó que se refire a lexislación urbanística vixente, tanto estatal como autonómica, se axusten ás condicións esixidas na expresada lexislación e na normativa urbanística deste Concello.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.-

- 1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.
- 2.- En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4º.- Responsables.-

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que se sinala no artigo 40 da Lei xeral tributaria.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

Artigo 5º.- Base imponible.-

1.- Constitúe a base imponible da taxa:

- a) O custo real efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra construción e edificacións de nova planta, reconstrucións ou ampliacións ou reformas que afectan a estruturas, volume, aliñacións, ou aspecto exterior dos edificios.
- b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso deles.
- c) As demais actividades sinaladas no artigo seguinte.

2.- Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria ou instalacións, industriais e mecánicas.

Artigo 6º.- Cotas tributarias.-

Para obte-la cota tributaria aplicaranse as seguintes porcentaxes ou cantidades fixas, segundo o detalle:

1.-Obras maiores incluías no artigo 5º.1.a): 0 1,50 % da base imponible. Cando se trate de construcións de vivendas, ou a parte dos edificios correspondentes a estas, esta porcentaxe rebaixará o 0,40% nos supostos nos que o obrigado ó pagamento xustifique a tributación por imposto de construcións, instalacións e obras.

2.- Os supostos do artigo 5º.1.b) tributarán o 0,20 % da base imponible.

3.- Os supostos do artigo 5º.1.c) tributarán polas cantidades que expresamente se sinalen nos apartados correspondentes.

4.- Base para a aplicación das porcentaxes. Cando o Concello estime que o orzamento das obras non se axusta á realidade do custo efectivo, poderán tomar como base para calcula-lo devandito orzamento os seguintes módulos por metro cadrado de edificación, como mínimo, sen prexuízo de que segundo os informes técnicos expresamente solicitados, resulten cantidades superiores; e nese caso aplicaranse estas:

Tipo de edificación. Módulo custo por m2, EUROS. (Distribuída.- Sen distribuír):

- Construción tipo medio. 420-280.
- Construción de calidade.- 490-350.
- Chalés, vilas, casas de campo en calquera zona e semellantes.- 490-350.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- Edificios e locais industriais e comerciais.-420.
- Alpendres, naves e semellantes .- 175.
- Sotos.-140.

5.- Informacións urbanísticas e fixación de liñas e rasantes en edificios. Ata 12 m² lineais de fachada, 31 euros. Por cada metro lineal máis, 3 euros.

6.- Cerramentos. Tributarán consonte coa seguinte tarifa e base de gravame: de soares, ou calquera terreo á vía pública, 0,7 euros o metro lineal e 31 euros por sinalamento de liña.

7.- Outras obras e mínimos aplicables. As obras que se indican tributarán os mínimos que se sinalan:

a) Obras na vía pública, para acometida de auga ou desaugadoiro, cables subterráneos de calquera subministración por contador.- 31 euros.

b) Obras menores en xeral, sen afectar á estrutura dos edificios: 1% do orzamento mínimo de 61 euros. O orzamento será declarado polos solicitantes, pero estarase ó informe do aparellador ou técnico municipal.

d) Ramplas de acceso.- 16 euros.

e) No caso de que as obras relacionadas nas letras a), b) e c) anteriores afecten á estrutura, tributarán consonte coa tarifa do artigo 5º.1.a).

f) Galpóns: 200 euros.- Os solicitantes deberán presentar proxecto técnico visado.

g) Certificación da non existencia de expediente sancionado ou de derrubo 31€

h) Licenzas de actividade : 0,2% do orzamento, mínimo 50€.

i) Licenzas de adaptación de local: 1% do orzamento, mínimo 61€.

j) Segregación de predios: 60€

k) Solicitudes de cambio de titular da actividade: 60€

Artigo 7º.- Vixencia das licenzas e forma do pagamento.-

1.- No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prorroga.

Transcorridos os ditos prazos, entenderanse caducadas as licenzas e será necesario solicitálas de novo, aboando as pertinentes taxas.

2.- O pagamento realizarase no momento de formula-la solicitude e é independente a obriga de contribuír da efectiva execución ou non posterior da obra. Nos casos de reforma de proxectos haberá de aboarse a diferenza a favor do Concello, se existe, non procedendo a devolución por minoración de obra.

No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o 50% das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

Artigo 8º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá ningunha exención.

Regularase a seguinte bonificación sobre a cota do imposto:

Unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó pleno da corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación surtirá efectos a partir do exercicio seguinte á data da súa solicitude.

Artigo 9º.- Reporte.-

1.- Repórtase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa reportarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

administrativo que pode instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non fosen autorizables.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 10º.- Declaración.-

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán, previamente, no Rexistro xeral a oportuna solicitude, achegando o proxecto técnico visado polo colexio oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga consta-lo importe da obra, medicións e o destino do edificio. Para conceder-la licenza será suficiente o proxecto básico, pero debe completarse co de execución, antes de iniciar-las obras. Preséntarase así mesmo, cando proceda a documentación relativa á seguridade e saúde, segundo a normativa vixente.

2.- Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que sexa esixible a formulación do proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude chegaráselle un orzamento das obras a realizar, así como unha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto cuns datos que permitan comproba-lo custo daqueles.

3.- Se despois de formular a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, achegando o novo orzamento ou o reformado e, se é o caso, os planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 11º.- Liquidación e ingreso.-

1.- Cando se trate das obras e actos ós que se refire o artigo 5º, practicarase a liquidación da seguinte forma:

➤ Unha vez solicitada a licenza urbanística, practicarase a liquidación provisional sobre a base declarada polo solicitante.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

> A administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez rematadas as obras e, á vista do resultado de tal comprobación, practicarase a liquidación definitiva, e o interesado deberá ingresa-la diferenza que resulte.

2.- No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza sobre a base impositiva que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre bens inmobles non teña este carácter.

3.- Tódalas liquidacións que se practiquen seranlle notificadas ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 12.- Infraccións e sancións.-

1.- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2.- A execución de obras sen licenza determinará sanción do 200% sobre o importe das taxas regulamentarias, sen exceder do sinalado na Lei do solo. Se o interesado solicita a licenza en forma regulamentaria ó recibi-lo primeiro requirimento, e cumpre as esixencias deste, poderá o Sr. alcalde ou a Xunta de Goberno Local, segundo proceda, rebaixa-la sanción ata a cantidade que se estime prudencial.

3.- Toda obra de nova planta e as de reforma ou acondicionamento que afecten ás fachadas ou elementos que linden coa vía pública e tellados se é o caso, deberán estar cercados con valos de dous metros de alto nas debidas condicións de seguridade e estética. O seu incumprimento determinará a paralización inmediata das obras e a imposición de sancións ata o 200% do importe das taxas das respectivas obras. Os valos construíranse de xeito que entorpezan o mínimo posible o tránsito de peóns e vehículos, segundo sinalen os técnicos municipais. A instalación de guindastres axústase ós mesmos requisitos e consecuencias anteriores. Os depósitos de materiais en beirarrúas ou vías públicas, fóra dos valos, cando se trate de executar obras, determinará a imposición das mesmas multas e paralización das obras. Todo iso sen prexuízo de cumpri-las normas sobre seguridade e hixiene no traballo, instalación de redes e outros requisitos que procedan.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

Disposición final.- Esta ordenanza entrará en vigor na data da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa